

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 04.11.2024, (DOG núm. 218 do 12 de novembro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 14.08.2024 (DOG núm. 169, do 03.09.2024)

En sesión que tivo lugar o 15.11.2024, este tribunal

ACORDOU:

1. Informar da constitución válida e legal deste tribunal o 15.11.2024.
 2. O primeiro exercicio do proceso de acceso por promoción interna levarase a cabo en chamamento único ás 11.00 h do 03.12.2024 no Salón de Actos da Academia Galega de Seguridade Pública.
- O primeiro exercicio consistirá nunha proba de avaliación de coñecementos tipo test con 120 preguntas e catro respostas alternativas, sendo unha soa a correcta.
- O Tribunal acordou incluír no cuestionario, tal e como establece a convocatoria, un total de 10 preguntas de reserva, que só se terán en conta, pola orde na que están formuladas, no suposto que se anule algunha das preguntas da proba de coñecementos. No caso de que se produza a anulación dalgunha pregunta, as preguntas de reserva que substitúan as preguntas anuladas teranse en conta e puntuaranse igual que as do resto do exercicio.
- A proba terá unha duración de 120 minutos, e non se concederá tempo a maiores.
 - Para a corrección deste exercicio terase en conta a normativa en vigor na data da publicación da convocatoria do Diario Oficial de Galicia.
 - As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal, e bolígrafo azul.



- Non se permitirá a presenza de acompañantes e o persoal aspirante deberá seguir as indicacións e resolucións do tribunal, que son públicas a través da páxina web da Agasp.

- Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxo intelixentes ou calquera outro instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

- Os aspirantes que rematen o seu exercicio antes do tempo establecido, poderán abandonar o lugar de realización da proba sempre que tivesen transcorridos 30 minutos desde o inicio da proba.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A presidenta do Tribunal

